

MEMORIA

Apichatpong Weerasethakul, 2022

951

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2022 | V.O.S.E. | TP

A Jessica (Tilda Swinton), botánica británica establecida en Colombia, espétaa unha noite un son como de outro mundo. A protagonista emprende unha viaxe ata o corazón da selva en busca da orixe deste ruído que só ela parece oír, e alí encontra a un home que atesoura toda a memoria do lugar.

«Un filme extraordinario. O máis fascinante é o estado de trazo no que coloca ao espectador. é como descubrir o cinema por primeira vez»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



Entrevista con Apichatpong Weerasethakul: «O son é un dos actores principais do filme»

Por Luis Zúñiga

Que te levou a filmar por vez primeira fóra do teu país e, en concreto, en Colombia? Foi un proceso moi orgánico. O primeiro que me impresionou de Colombia foi a paisaxe e logo a xente que se abriu a min e compartiu comigo moitas das súas historias. Porén, considero que foi un desafío gravar fóra de Tailandia. O primeiro de tivemos que facer foi encontrar un produtor que puidese acomodarnos alí. Afortunadamente, Colombia estivo sempre moi aberta no que respecta á filmación. O goberno colombiano respalda a realización de filmes estranxeiros no seu territorio e iso axudo a que puidéramos terminar a película.

O seu interese en América Latina provén das similtudes políticas? Eu diría que da violencia e as historias que a xente compartía. Se ben a situación cando fun a Colombia estaba a mellorar, todo o país estaba a superar os traumas causados pola violencia. En Tailandia, porén, os traumas prevalecen indefinidamente. Tiña moita curiosidade por coñecer o proceso e tamén por escoitar as experiencias da xente. Aquí atopei algo moi inmediato e moi real e foi unha honra poder encaixar e canalizar este sentimento.

Como foi filmar con actores estranxeiros como Tilda Swinton? Foi ela a quen tiveches en mente desde o comezo? Si, ela e máis eu somos amigos desde hai tempo e sempre quixemos traballar xuntos. Mesmo tentei facela parte dalgún proxecto en Tailandia pero non parecía o máis axeitado así que ao final decidimos traballar nun país novo para ambos. Simplemente abrímoslle os ollos e os ouvidos e perdémonos nel.

O seu estilo é sen dúbida unha experiencia multisensorial. O son representa unha capa imprescindible que todos gozamos nos seus filmes. Para vostede cal deba ser a experiencia do espectador en Memoria? Considero que o son é un dos actores principais do filme. Nel recae un importante peso narrativo: as experiencias, tanto as persoais como as sociais. E ambas entremestúranse un pouco. O personaxe de Jessica é case como un micrófono, sempre a gravar e compartir. Está o son do presente e tamén o son das lembranzas, así como o son da contorna e os animais. Hai un esquema sonoro moi rico no meu cinema.

Tamén apreciamos un contraste perfectamente harmonioso entre as dúas dimensións que se nos presentan. Como se acada ese equilibrio en Memoria? Non o sei, é algo que agroma naturalmente. Cando falamos de escuridade, de soños no filme, séntese case como unha paisaxe aberta á que podes achegarte de varias formas diferentes. Coido que despois de que a xente vexa Memoria, cadaquén atopará un significado distinto. Unha persoa pode velo dunha maneira que outra non. Creio que, ao igual que os meus outros filmes, está moi aberto á interpretación.

En 2010 levou a Palma de Ouro con Tío Boonmee recorda as súas vidas pasadas. Como foi a recepción neste 2021? Cre que o filme tivo unha mellor acollida? Eu coido que si. Creio que polo elenco internacional e tamén porque está filmado nun país estranxeiro por vez primeira. Pero persoalmente gozo de poder facer películas e simplemente compartilas. Honestamente, se ben sinto certa curiosidade pola recepción, esta non representa para min un factor primordial para facer cinema.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería